

PLENO

**ACTA 2022/03 DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO
CONCELLO DE OROSO DO 10/02/2022.**

No Salón de Plenos da casa do Concello cando son as 09:08 horas do día indicado comparecen

- 1 Luis Rey Villaverde (PSdeG-PSOE)
- 2 Vanesa Boo Martínez (PSdeG-PSOE).
- 3 Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE)
- 4 Javier Grela Mosquera (PSdeG-PSOE)
- 5 Beatriz Rodeiro Fernández (PSdeG-PSOE)
- 6 José Calvo Rey (PSdeG-PSOE)
- 7 Alexander Doval Expósito (PP)
- 8 Lidia López Gándaras (PP)
- 9 Silvia Suárez García (PP).
- 10 José Carlos Mosquera Boo (PP).
- 11 José Manuel Mirás Pulleiro (OR)
- 12 María Teresa Cendal Iglesias (OR)
- 13 Isabel Fernández Gallego (BNG).

Actúa como secretario a Secretaria en funcións do Concello D^a Ana María Liñares Castro, non asiste o interventor da Corporación D. Félix Carrasco del Pozo.

Constitúese o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a seguinte ORDE DO DÍA

1º. Aprobación se procede a participación do Concello de Oroso no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “ POS +2022” da Deputación Provincial da Coruña(EXP.2021/A008/000045).

2º. Aprobación se procede a participación do Concello de Oroso no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “ POS+ADICIONAL 1/2022” da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios (EXP.2021/A008/000046).

3º. Aprobar se procede a renuncia a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes á convocatoria de subvencións para a creación, mantemento e reforma dos servizos de normalización lingüística(EXP. 2022/A008/000002)

4º. Aprobar se procede as dedicacións parciais da concellería delegada de Réxime Interior, Persoal, Patrimonio, Voluntariado, Cultura,

PLENO

Mobilidade e Sanidade e da Concellería delegada de Xuventude, Comercio e Industria e Actividades lúdicas

5º.-Dación de conta da resolución de Alcaldía nº 104/2022 do 01/02 pola que se procede á modificación da delegación de competencias de Alcaldía.

6º.- Dación de conta da resolución de Alcaldía nº 103/2022 do 01/02 pola que se procede á modificación da composición da Xunta de Goberno Local.

7º.- Dación de conta da resolución de Alcaldía nº 90/2022 do 31/01 pola que se procede ao nomeamento de nova tenente de Alcalde.

O Sr. Alcalde procede a dar por aberta a sesión procedéndose a tratar os distintos puntos da orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1º. Aprobación se procede a participación do Concello de Oroso no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “ POS +2022” da Deputación Provincial da Coruña(EXP.2021/A008/000045).

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que dí:

LOGO DE VER as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “ POS +2022” – BOP núm. 228 do 30.11.2021.

LOGO DE VER a circular da Deputación Provincial da Coruña polo que se comunica que o Pleno daquela aprobou as bases reguladoras do PLAN ÚNICO DE CONCELLOS(POS +2022) e que ao Concello de Oroso correspóndelle unha asignación de 533.525,22 euros repartida da seguinte maneira:

ASIGNACIÓ N POS +2022	Achega provincial 2022	Achega provincial 2021	Préstamo provincial 2022	TOTAL
	207.010,62 €	310.988,80 €	15.525,80 €	535.525,2 2 €

LOGO E VER a Providencia de Alcaldía do 31.01.2022 pola que se ordena aplicar á Achega provincial 2022 o seguinte importe para o financiamento dos gastos correntes orixinados polos servizos municipais obrigatorios:

PLENO

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	171.692,66 €
Achega provincial 2021(Excepción da Base 2.2 final)	0

E DE VER que na mesma Providencia de Alcaldía se ordea incluír no POS +2022 os investimentos seguintes:

Achega provincial 2022:

- Mellora de rede viaria nos lugares de Baxoia (Deixebre) e a Cruz de Folgoso (Marzoa).

Achega provincial 2021:1715.

- Mellora de rde viaria nos lugares de A Baiuca (Senra)-Requeixo (Cardama) e Castro-Burgao-Piñeiro(Trasmonte)

Complementario:

- Mellora de rede viaria nos lugares de Piñeirón (A Gándara), Arderís (Senra) e Bran (Os Anxeles).
- Mellora da eficiencia enerxética na instalación de alumeado exterior da Urbanización Porto Avieira.

E DE VER que na mesma Providencia se ordea aplicar a totalidade da cantidade asignada no Préstamo Provincial 2022 a reducir o endebedamento do préstamo número 500-335-67948-5 coa entidade financeira ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A.

E DE VER o proxecto básico e de execución de Mellora de rede viaria nos lugares de Baxoia (Deixebre) e a Cruz de Folgoso (Marzoa),redactado pola Arquitecta Técnica Municipal D^a. Yolanda García Fachal. en data de 25 de xaneiro de 2022 e por importe de 35.317,96 euros.

E DE VER o proxecto básico e de execución de Mellora de rede viaria nos lugares de A Baiuca (Senra)-Requeixo(Cardama) e Castro-Burgao-Piñeiro (Trasmonte), redactado pola Arquitecta Técnica Municipal D^a. Yolanda García Fachal. en data de 21 xaneiro de 2022 e por importe de 316.773,14 euros

E DE VER o proxecto básico e de execución de Mellora de rede viaria nos lugares de Piñeirón (A Gándara), Arderís(Senra) e Bran (Os Anxeles) redactado pola Arquitecta Técnica Municipal D^a. Yolanda García Fachal. en data de 27 xaneiro de 2022 e por importe de 110.102,10 euros

E DE VER o proxecto para a mellora da eficiencia enerxética na instalación de alumeado exterior na urbanización de Porto Avieira , redactado polo Enxeñeiro Martín Lema Pose, en data 28 de xaneiro de 2022 e por importe de 172.000 euros.

PLENO

LOGO DE VER o informe técnico favorable sobre o Proxecto básico e de execución de Mellora de rede viaria nos lugares de Baxoia (Deixebre) e a Cruz de Folgoso (Marzoa) emitido polo Arquitecto municipal o 25.01.2022.

E DE VER o informe técnico favorable sobre o Proxecto básico e de execución de Mellora de rede viaria nos lugares de A Baiuca (Senra)-Requeixo(Cardama) e Castro-Burgao-Piñeiro (Trasmonte), emitido polo Arquitecto Municipal o 24.01.2022.

E DE VER o informe técnico favorable sobre o Proxecto básico e de execución de Mellora de rede viaria nos lugares de Piñeirón (A Gándara), Arderís(Senra) e Bran (Os Anxeles)) emitido polo Arquitecto o 27.01.2022.

E DE VER o informe técnico favorable sobre o Proxecto para a mellora da eficiencia enerxética na instalación de alumado exterior na urbanización de Porto Avieira, emitido polo Arquitecto Municipal o 28.01.2022..

LOGO DE VER o informe da Secretaría da Corporación, do 02.02.2022 no que se informa favorablemente a inclusión no POS +2022 o proxecto de Mellora de rede viaria nos lugares de Baxoia (Deixebre) e a Cruz de Folgoso (Marzoa) , para incluír na Acheга provincial 2022; Mellora de rede viaria nos lugares de A Baiuca (Senra)-Requeixo(Cardama) e Castro-Burgao-Piñeiro (Trasmonte) para incluír na Acheга 2021; Mellora de rede viaria nos lugares de Piñeirón (A Gándara), Arderís(Senra) e Bran (Os Anxeles) e Mellora da eficiencia enerxética na instalación de alumado exterior da Urbanización Porto Avieira para incluír como complementarios.

TENDO EN CONTA que o POS+2022 configúrase como un plan provincial de investimentos locais, que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipal que elabora o concello.

TENDO EN CONTA que, conforme ao artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e aos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, trátase dunha delegación de competencias municipais.

TENDO EN CONTA que, conforme establece o artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

TENDO EN CONTA que en cumprimento do disposto no artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o expediente deberá ser previamente estudado pola Comisión informativa de asuntos do Pleno.

TENDO EN CONTA as atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, proponho ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión informativa de asuntos do Pleno:

PLENO

PRIMEIRO. PARTICIPAR no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “ POS +2022”, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e se aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “ préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	171.692,66 €
Achega provincial 2021(Excepción da Base 2.2 final)	0 €
Subtotal gasto corrente	171.692,66 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO				
		Concello			Orzamento total
		Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecemento auga potable)	
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecemento auga potable)	Total Concello	Orzamento total
Mellora de rede viaria nos lugares de Baxoia (Deixebre) e a Cruz de Folgoso (Marzoa)	35.317,96 €	- €	-	0	35.317,96 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	35.317,96 €	- €	-	0	35.317,96 €

PLENO

ACHEGA PROVINCIAL 2021(Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecement o auga potable)	Total Concello	
Denominación da obra ou subministración	Deputación	Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecement o auga potable)	Total Concello	Orzamento total
Mellora de rede viaria nos lugares de A Baiuca (Senra)- Requeixo(Cardama) e Castro- Burgao-Piñeiro (Trasmonte)	310.988,80 €	5.784,34 €		5.784,34 €	316.773,14 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	310.988,80 €	5.784,34 €		5.784,34 €	316.773,14 €

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS +2022 e que se relacionan estas táboas.

C) Reducción de débeda con entidades financeiras:

Entidade financeira	Número/ código do préstamo	PRESTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
ABANCA Corporación Bancaria,S.A.	500-335-67948- 5	15.525,80 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		15.525,80 €

RESUMO

POS +2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello		Total Concello	Orzamento total
	Achega 2022			IVE soportado deducible (só abastecemento auga potable)		
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	171.692,66 €	- €	- €	- €	171.692,66 €
B- INVESTIMENTOS	Achega 2022	35.317,96 €	- €	- €	- €	35.317,96 €
	Achega 2021	310.988,80 €	5.784,34 €	- €	5.784,34 €	316.773,14 €

PLENO

POS +2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só abastecemento auga potable)	Total Concello	Orzamento total
C.REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	15.525,80 €	- €	- €	- €	15.525,80 €
TOTAL	Achega 2022	207.010,62 €	- €	- €	- €	207.010,62 €
	Achega 2021	310.988,80 €	5.784,34 €	- €	5.784,34 €	316.773,14 €
	Préstamo 2022	15.525,80 €	- €	- €	- €	15.525,80 €
TOTAL		533.525,22 €	5.784,34 €	- €	5.784,34 €	539.309,56 €

SEGUNDO. APROBAR o Plan complementario do ano 20202 no que se inclúen o investimento financeiramente sostible que a continuación se indica e aprobar os correspondentes proxectos:

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata
Mellora de rede viaria nos lugares de Piñeirón (A Gándara), Arderís(Senra) e Bran (Os Anxeles)	110.102,10 €
Mellora da eficiencia enerxética na instalación de alumeado exterior da Urbanización Porto Avieira	172.000,00 €
TOTAIS	282.102,10 €

TERCEIRO. DECLARAR que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO. COMPROMETERSE a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS +2022 Base, se a houbera.

QUINTO. SOLICITAR da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

SEXTO: DECLARAR que o Concello de Oroso non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

SÉTIMO. AUTORIZASE á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

PLENO

OITAVO. FACULTAR expresamente a Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén D. José Manuel Mirás Pullerio (OR) quen afirma que no aspecto orzamentario quere sinalar que dos 207.010,62 euros asignados á Achega 2022, o Concello de Oroso destina 171.692,66 euros ao financiamento do gasto corrente polo que queda pouco marxe para a finalidade do POS que é un Plan destinado principalmente a obras ou servizos e ademáis tendo en conta que o Concello de Oroso na única obra incluída na Achega 2022 non aporta recurso propio algún.

Con respecto á Achega 2021 afirma que os recursos que aporta o Concello que son 5.784,34 euros, proporcionalmente consideramos que son testimoniais xa que pouco aporta e preguntase se non hai posibilidades orzamentarias. Ademáis fai fincapé en que 230.000 euros da asignación da Achega 2021 proveñen de sobrantes, é dicir, da baixa das empresas licitadoras.

Con respecto á amortización da débeda está dacordo coa asignación efectuada polo Concello xa que todos os concellos coa mesmas características asignan aproximadamente a mesma cantidade.

No apartado técnico afirma que na obra de Mellora de rede viaria nos lugares de A Baiuca (Senra)-Requeixo(Cardama) e Castro-Burgao-Piñeiro(Trasmonte), esa reparación pasa por diante da Igrexa de Senra, do Cruceiro e da Casa Reitoral, polo que sería convinte establecer un perímetro de actuación incluíndo un pavimento rústico acorde aos bens catalogados que existen nesta área. Insiste que en distintas obras, o Concello xa hai antecedentes de utilización de aglomerado en zonas protexidas. Tamén afirma que o mesmo ocorre na obra que transcurre na Baiuca que está afectada polo Camiño Inglés.

Toma a palabra D. Alexander Doval Expósito (PP) quen afirma que na mesma liña do que dixo na Comisión Informativa, se gobernase o PP incluírían outros investimentos no POS aínda que algunhas delas efectivamente xa foran propostas polo PP no seu día. Chámalle a atención a cantidade asignada a gasto corrente e como xa fixo na Comisión informativa volve a preguntar polo motivo da reserva de financiamento para gasto corrente na Achega 2022, xa que na Comisión Informativa non se lle contestou e por eso o seu voto neste punto foi a abstención.

PLENO

Respecto da asignación para redución da débeda non ten nada que decir, salvo que son partidarios da redución pois este préstamo non devenga intereses para o Concello.

Toma a palabra o Sr.Alcalde, quen afirma que o POS é un todo composto de distintos investimentos incluídos os que se asignan ao complementario que son investimentos que sempre se aproban posteriormente e que o importante é executar obras e prestar servizos.

En canto ao tema do pavimento ao que se refire o Sr.Tala quere deixar claro que o proxecto vai ter os seus permisos e o uso dun pavimento ou outro supón un problema de cartos, porque a diferenza entre un pavimento ou outro pode supoñer unha suma de cartos moi elevada e o equipo de goberno tamén ten que mirar pola economía do Concello, poño como exemplo a diferenza enorme do coste que suporía para o carril bici a execución cun pavimento ou con outro tipo de pavimento.pero repito, o proxecto vai ter todos os permisos.Os 171.692,66 euros quedan liberados para investir tamén en obras, e son actuacións máis rápidas porque o POS ten unha tramitación máis lenta, e así acadamos máis rapidez e efectividade deixando esa parte para investimentos con recursos propios.En Concellos cercanos como Vedra, O Pino, etc deixaron a totalidade da Achega 2022 para gasto corrente e quere aclarar que ese gasto corrente non significa que sexa para pagar facturas que deba o concello, ese importe queda liberado para inversións.

Toma a palabra o Sr.José Manuel Mirás Pulleiro (OR) quen afirma que o principio fundamental do POS é realizar obras e servizos outra cousa é que os cartos non den.Falando do carril bici afirma que sería mellor que discurrise ao carón do río, a carón da vía verde aproveitando os bens patrimoniais e ambientais para poñelos en valor.Non se fai apenas nada a carón dos ríos neste concello..Afirma que os carrís bicis en grandes cidades son razoables por temas de reorganización pero pon como exemplo o de Ordes que non está transitado e aquí en Oroso facelo porque é unha moda,pois non estamos dacordo.

Toma a palabra o Sr Alcalde e afirma que facer un carril bici ao lado do río ten un coste enorme, temos que facer obras que sexan

PLENO

sostenibles.Cada un é moi libre de pensar o que queira e de criticar.Repito a carretera de Baiuca vai ter todos os permisos.

Toma a palabra o Sr. Alexander Doval Exposito(PP) para decir que é verdade que outros concellos do color que sexan levan parte do POS a gasto corrente, pero fago mención ao que dixen no pasado, por qué este cambio de criterio polo equipo de goberno cando no pasado criticaban aos concellos que asignaban o POS a gasto corrente.Pero vamos a votar a favor.Repito que escolleríamos outras aínda que algunhas que propuxemos no seu día van incluídas neste POS.

Toma a palabra o Sr.Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) para aclarar un par de conceptos. O plan de obras e servizos é un plan de obras e de servizos, e os servizos prestanse con gasto corrente, fanse inversión e os gastos correntes, ese diñeiro vai para axuda a domicilio, etc.Son inversión en melloras da calidade de vida dos veciños.O POS plus aumentou o POS antigo .Os concellos da provincia levamos recibido 500 millóns de euros en axudad do POS plus

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE: 4 do PP e 1 do BNG).
Abstencións: dous (2 de OR) adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO. PARTICIPAR no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “ POS +2022”, da Deputación Provincial da Coruña, cuxas bases se coñecen e se aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a “achega provincial 2022”, “achega provincial 2021” e “ préstamo provincial 2022”:

A) Financiamento de gastos correntes que se devenguen no exercicio 2022:

	Deputación
Achega provincial 2022 aplicada ao financiamento de gastos correntes	171.692,66 €

PLENO

Achega provincial 2021(Excepción da Base 2.2 final)	0 €
Subtotal gasto corrente	171.692,66 €

B) Financiamento de investimentos:

ACHEGA PROVINCIAL 2022	FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		Orzamento total	
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecemento auga potable)		Total Concello
Mellora de rede viaria nos lugares de Baxoia (Deixebre) e a Cruz de Folgoso (Marzoa)	35.317,96 €	- €	€	-	0	35.317,96 €
Subtotal investimentos achega provincial 2022	35.317,96 €	- €	€	-	0	35.317,96 €

ACHEGA PROVINCIAL 2021(Investimentos financeiramente sostibles)	Financiamento do investimento					
	Denominación da obra ou subministración	Deputación	Concello		Orzamento total	
			Achega municipal	IVE soportado deducible (só abastecement o auga potable)		Total Concello
Mellora de rede viaria nos lugares de A Baiuca (Senra)- Requeixo(Cardama) e Castro- Burgao-Piñeiro (Trasmonte)	310.988,80 €	5.784,34 €			5.784,34 €	316.773,14 €
Subtotal investimentos achega provincial 2021	310.988,80 €	5.784,34 €			5.784,34 €	316.773,14 €

Aprobar os proxectos das obras incluídos no POS +2022 e que se relacionan estas táboas.

C) Reducción de débeda con entidades financeiras:

PLENO

Entidade financeira	Número/ código do préstamo	PRESTAMO PROVINCIAL 2022 aplicado á redución da débeda
ABANCA Corporación Bancaria,S.A.	500-335-67948-5	15.525,80 €
Subtotal redución de débeda con entidades financeiras		15.525,80 €

RESUMO

POS +2022 RESUMO DE FINANCIAMENTO		Deputación	Concello	IVE soportado deducible (só abastecemento auga potable)	Total Concello	Orzamento total
A- GASTOS CORRENTES	Achega 2022	171.692,66 €	- €	- €	- €	171.692,66 €
B-INVESTIMENTOS	Achega 2022	35.317,96 €	- €	- €	- €	35.317,96 €
	Achega 2021	310.988,80 €	5.784,34 €	- €	5.784,34 €	316.773,14 €
C.REDUCCIÓN DÉBEDA	Préstamo 2022	15.525,80 €	- €	- €	- €	15.525,80 €
TOTAL	Achega 2022	207.010,62 €	- €	- €	- €	207.010,62 €
	Achega 2021	310.988,80 €	5.784,34 €	- €	5.784,34 €	316.773,14 €
	Préstamo 2022	15.525,80 €	- €	- €	- €	15.525,80 €
	TOTAL	533.525,22 €	5.784,34 €	- €	5.784,34 €	539.309,56 €

SEGUNDO. APROBAR o Plan complementario do ano 2022 no que se inclúen o investimento financeiramente sostible que a continuación se indica e aprobar os correspondentes proxectos:

PLENO

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 50% do total de achega e préstamo provincial asignado)	Orzamento contrata
Mellora de rede viaria nos lugares de Piñeirón (A Gándara), Arderís(Senra) e Bran (Os Anxeles)	€ 110.102,10
Mellora da eficiencia enerxética na instalación de alumeados exterior da Urbanización Porto Avieira	€ 172.000,00
TOTAIS	€ 282.102,10

TERCEIRO. DECLARAR que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

CUARTO. COMPROMETERSE a incluír no orzamento municipal do 2022 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS +2022 Base, se a houbera.

QUINTO. SOLICITAR da Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

SEXTO: DECLARAR que o Concello de Oroso non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan.

SÉTIMO. AUTORIZASE á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO. FACULTAR expresamente a Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

2º. Aprobación se procede a participación do Concello de Oroso no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de Concellos) “ POS+ADICIONAL 1/2022”

PLENO

da Deputación Provincial da Coruña, para o financiamento de gastos sociais extraordinarios (EXP.2021/A008/000046).

Logo de ver a proposta de acordo asinada pola Alcaldía que dí:

LOGO DE VER as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) “ POS +2021” – BOP núm. 228 do 30.11.2021.

LOGO DE VER que xunto co POS +2022 regúlase simultaneamente un POS+ADICIONAL1/2022 para o financiamento de gastos sociais extraordinarios.

E DE VER a circular da Deputación Provincial da Coruña polo que se comunica que a cantidade asignada ao Concello de Oroso para os gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022 son os que se sinalan na seguinte taboa:

	Concello de Oroso
Achega provincial POS +ADICIONAL 1/2022 para gastos sociais extraordinarios	72.453,72 €

E DE VER Providencia desta Alcaldía do 01.02.2022 relativa áos gastos sociais extraordinarios previstos nas Bases reguladoras do POS+Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2022.

E DE VER o informe do Interventor do 02.02.2022 relativo aos gastos sociais extraordinarios previstos nas Bases reguladoras do POS+Adicional 1/2022 para gastos sociais extraordinarios do exercicio 2021.

TENDO EN CONTA que o POS+2022 configúrase como un plan provincial de investimentos locais e , que elaborará a Deputación provincial tendo en conta os plans municipal que elabora o concello.

TENDO EN CONTA que, conforme ao artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRBRL – e aos artigos 32 e 33 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, en relación co artigo 36.2 a) da LRBRL, trátase dunha delegación de competencias municipais.

TENDO EN CONTA que, conforme establece o artigo 27 da LRBRL, en relación co artigo 47.2 h) daquela, a competencia para aprobar as delegacións de competencias correspóndelle ao Pleno do Concello e que dita o acordo terá que adoptarse por maioría absoluta do número legal de membros da corporación.

TENDO EN CONTA que en cumprimento do disposto no artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, o expediente deberá ser previamente estudado pola Comisión informativa de asuntos do Pleno.

TENDO EN CONTA as atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, en relación co artigo 123 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización,

PLENO

funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propoño ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión informativa de asuntos do Pleno:

1.- PARTICIPAR no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “ POS +ADICIONAL 1/2022”, da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención, segundo se indican a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS +ADICIONAL 1/2021 para gastos sociais	72.453,72 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	72.453,72 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022 (A)	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS (B)	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>	17.842,19 €		17.842,19 €
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p>			

PLENO

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.			
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	396.462,35 €	315.053,45 €	81.408,90 €
<p>d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.</p>			
<p>e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.</p>			
<p>f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.</p>			
<p>g) Aluguer de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p>			

PLENO

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	414.304,54 €	315.053,45 €	99.251,09 €
h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades. A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.			
i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc). A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.	6.070,57 €		6.070,57 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	6.070,57 €	0,00 €	6.070,57 €
TOTAL	420.375,11 €	315.053,45 €	105.321,66 €

2.- *FACULTAR expresamente a Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.*”

Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) e afirma que ao fío do que dixo na Comisión anuncia que aprobamos a asignación orzamentaria da Deputación que sale en auxilio dos Concellos na axuda a domicilio, se ben é certo que este ano baixa a cantidade asignada pola Deputación en este tema.

PLENO

Toma a palabra o Sr. Alexander Doval Exposito (PP) e anuncia que votarán a favor nesta proposta.

Toma a palabra o Sr, Antonio Leira Piñeiro (PSdeG-PSOE) para aclarar que a baixa na asignación do POS + Adicional con respecto ao ano pasado ven derivada de que estamos nunha situación excepcional. Este POS social xa estaba incluído no POS, os concellos podía solicitar subvención para gasto social, nada llo impedía. Se este punto non estivera nos non o necesitamos, outros concellos si. Agradezo ese apoio ao PP no voto anterior. A diferenza foron cuestións excepcionais que estamos vivindo.

Toma a palabra o Sr José Manuel Mirás Pulleiro (OR) e fai referencia ao anterior punto.

O Sr Alcalde interrompe ao Sr José Manuel Mirás Pulleiro (OR) para recordarlle que non volva ao anterior punto.

Continúa o Sr. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirmando que o Sr. Antonio Leira fixo referencia ao punto 1.

Toma a palabra o Sr. Alexander Doval Expósito (PP) para afirmar que son dúas cousas distintas, dicir que non é imprescindible para o Concello, cando fai pouco se presentou unha moción pedindo máis recurso. Nunca votamos en contra dun POS, faríamos outros investimentos. Non é un cambio no gasto corrente, fai dous anos era unha perversión e agora hai cambio polo equipo de goberno. Hoxe non se pode dicir que o gasto corrente liberado esté ben invertidos. Son cartos que quedan ahí liberados. Estamos a favor.

Toma a palabra a Sra Isabel Fernández Gallego (BNG) para aclarar que na moción que pedíamos recursos, recursos os temos pero non podemos empregarlos se non dan horas, o que pedimos é rapidez na tramitación e que nos den as horas que nos corresponden. Temos unha lista de espera de 14 persoas e agora outra máis, non podemos dar esas horas non polo orzamento senon porque non temos concedidas esas horas pola Xunta. Liberarían orzamento se aumentan o número de horas. O que pedimos é celeridade.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo e o Pleno por:

PLENO

Votos a favor: trece (6 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG, 4 do PP e 2 de OR) adopta o seguinte acordo:

1.- PARTICIPAR no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “ **POS +ADICIONAL 1/2022**”, da Deputación Provincial da Coruña, **para o financiamento de gastos sociais extraordinarios**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Intervención, segundo se indican a continuación:

Achega provincial preasignada que figura nas Bases do POS +ADICIONAL 1/2021 para gastos sociais	72.453,72 €
Achega provincial SOLICITADA para a súa aplicación ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios	72.453,72 €

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado) (A-B)
	(A)	(B)	(A-B)
<p>a) Reforzo - ampliación de persoal técnico e/ou administrativo adscrito aos servizos sociais do concello, co fin de apoiar aos equipos actuais e/ou facilitar a tramitación urxente das prestacións obxecto deste plan e axilizar a atención social profesional necesaria en situacións de risco para persoas vulnerables.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS, o gasto vai dirixido a nova contratación.</p>	17.842,19 €		17.842,19 €
<p>b) Ampliación e dotación das partidas municipais destinadas a axudas de emerxencia ás persoas soas ou familias en risco de exclusión social: maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social ou vítimas de violencia de xénero, cando eles e as persoas ao seu cargo, carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura das necesidades básicas: vivenda, alimentación, electricidade, educación, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, e aqueles que consideren os servizos sociais municipais.</p>			

PLENO

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
As axudas en especie para alimentación e educación, consideraranse gasto corrente, sempre que non superen o límite por unidade de 500,00 €.			
<p>c) Ampliar o servizo de axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa, como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc.</p> <p>O importe non pode ser destinado a cubrir a achega municipal no Plan de Financiamento dos servizos sociais municipais FOPSS. Excepcionalmente o importe poderá destinarse a cubrir a parte da achega municipal ao servizo de axuda a domicilio na modalidade de dependencia, incluíndo aquela que corresponde a horas xa concedidas.</p>	396.462,35 €	315.053,45 €	81.408,90 €
d) Reforzo dos servizos e axudas económicas para respiro familiar e medidas de conciliación a persoas que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais comunitarios.			
e) Reforzo dos dispositivos e axudas económicas para a atención a persoas sen fogar, que carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades, valoradas polos profesionais dos servizos sociais.			
f) Outras medidas sociais de carácter extraordinario que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender ás persoas especialmente vulnerables, e sexan debidamente xustificadas.			
g) Alquiler de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.			
SUBTOTAL GASTOS CORRENTES	414.304,54 €	315.053,45 €	99.251,09 €

PLENO

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS	PREVISIÓN DE GASTOS 2022	ESTIMACIÓN DE INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO (Pode ser superior ao importe solicitado)
<p>h) Adquisición de equipamento técnico asistencial para cesión de uso ás persoas que necesiten este material asistencial para a súa vida diaria: camas, cadeiras de rodas, grúas, e calquera outro material ou equipamento valorado polos profesionais dos servizos sociais comunitarios, cando carezan de medios económicos suficientes para asegurar a cobertura destas necesidades.</p> <p>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</p>			
<p>i) Gastos de investimento para o desenvolvemento dos programas de servizos sociais e do traballo dos os equipos técnicos de servizos sociais municipais (equipos informáticos, ofimática etc).</p> <p>A adquisición deste equipamento inventariable terá a consideración de gastos de investimento a efectos orzamentarios.</p>	6.070,57 €		6.070,57 €
SUBTOTAL GASTOS INVESTIMENTO	6.070,57 €	0,00 €	6.070,57 €
TOTAL	420.375,11 €	315.053,45 €	105.321,66 €

2.- FACULTAR expresamente a Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

3º.Aprobar se procede a renuncia a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes á convocatoria de subvencións para a creación, mantemento e reforma dos servizos de normalización lingüística(EXP. 2022/A008/000002)

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que dí:

CONSIDERANDO que na base 7.2.3 das Bases da Deputación Provincial da Coruña da convocatoria do programa de

PLENO

subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixida a entidades locais para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística 2022, que establece, entre outras, que o Concello que forme parte dunha mancomunidade e decida solicitar individualmente ou agrupado a outro/s concello/s deberá achegar o acordo plenario de que non participa coa mancomunidade para este servizo.

CONSIDERANDO que na mesma base 7.2.3 das Bases da Deputación Provincial da Coruña da convocatoria do programa de subvencións provinciais de concorrencia competitiva dirixida a entidades locais para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística 2022, establece que a Mancomunidade correspondente tamén deberá achegar o acordo de que non prestará este servizo a ese concello.

LOGO DE VER o escrito da Mancomunidade de Ordes de data 26.01.2022(RE 20229990000140) polo que solicita ao Concello de Oroso que coa finalidade de achegar a documentación que se require na solicitude de subvención para o mantemento do servizo de normalización lingüística da Mancomunidade se lles envíe á maior brevidade posible o acordo plenario do Concello de Oroso facendo constar se participan no servizo da Mancomunidade de Ordes ou non.

TENDO EN CONTA as atribucións que me confire o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime local, en relación co artigo 123 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propono ao Pleno do Concello, previo ditame da Comisión informativa de asuntos do Pleno:

PRIMEIRO.- Renunciar a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes ao abeiro da Convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2022), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2022.

PLENO

SEGUNDO.- DAR TRASLADO deste acordo á Deputación Provincial da Coruña e a Mancomunidade de municipios de Ordes.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén don José Manuel Mirás Pulleiro (OR) e afirma que mantén a posición manifestada na Comisión Informativa, deberíamos estar presentes na Mancomunidade, o idioma non é unha cuestión solo local. Entendemos que este é un tema político. Non acabo de entender esta saída .

Toma a palabra , don Alexander Doval Expósito(PP) e anuncia que manterán o voto a favor. Está de acordo en ter un normalizador lingüístico propio. Son defensor da Mancomunidade en moitos servizos, pero neste caso é bo ter un normalizador propio.

Toma a palabra, dona Isabel Fernández Gallego (BNG) e afirma que repite e non se cansa de decir que hai 400 escolares que na educación infantil falan galego e cando están no instituto son castelán falantes, por eso unha normalizadora lingüística propia pode previr esta situación. Coa da Mancomunidade non chega. Non sei si sabe que na Mancomunidade hai un CIM, con psicóloga, servizo de atención temperá e unha avogada e moitos máis noutras áreas. Hai unha porcentaxe moi importante de Oroso que accede ao CIM. Polo ben do idioma queremos que haxa unha propia. É triste que entren con tres anos falando galego e salgan do instituto falando castelán de Valladolid. É o mellor patrimonio que lle podemos deixar aos nosos fillos.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Mirás Pulleiro(OR) e afirma que é distinto que é unha cuestión do idioma. Depende doutras cuestións sociais. Plantease en términos institucionais, en términos educacionais estou dacordo , é un problema social, o inglés empuxa.

Toma a palabra o Sr, Alexander Doval Exposito (PP) e afirma que non está dacordo con que o galego se acaba, eso é unha versión catastrofista do BNG. O resumo é ter unha propia ou unha compartida e se podemos asumilo opta por ter un propio.

PLENO

Toma a palabra a Sra Isabel Fernández Gallego (BNG) e afirma que unha propia dará máis atención e a promoción e as campañas poden revertir a situación actual. Se o facemos ben pode revertir. A normalizadora non só traduce, fai campañas de defensa e promoción da lingua. Con campañas nas escolas e faise mellor cunha propia.

Toma a palabra o Sr Alcalde e afirma que na Mancomunidade podemos facer cousas en conxunto, se o Concello pode soportar ese tipo de gasto é moito mellor propio. No pasado a oposición quería a Tesoreiría compartida con outros concellos. Agora temos a Tesoreira e non dá feito, imaxínade se a compartimos. Neste concello hai moito traballo administrativo, estábamos sen ela e non para, e os demais funcionarios seguen tendo carga de traballo.

Non existindo mais intervencións o Alcalde somete a votación a proposta de acordo e o Pleno por:

Votos a favor: once (6 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG e 4 do PP).

Abstencións: dous (2 de OR) adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Renunciar a formar parte da solicitude efectuada pola Mancomunidade de Ordes ao abeiro da Convocatoria do programa de subvencións provinciais (ano 2022), de concorrencia competitiva dirixida a concellos, agrupación de concellos, mancomunidades e outras entidades locais da provincia da Coruña para a creación, mantemento e reforzo dos servizos de normalización lingüística (SNL) de 2022.

SEGUNDO.- DAR TRASLADO deste acordo á Deputación Provincial da Coruña e a Mancomunidade de municipios de Ordes.

4º. Aprobar se procede as dedicacións parciais da concellería delegada de Réxime Interior, Persoal, Patrimonio, Voluntariado, Cultura, Mobilidade e Sanidade e da Concellería delegada de Xuventude, Comercio e Industria e Actividades lúdicas

Logo de ver a proposta asinada pola Alcaldía que dí:

LOGO DE VER que mediante acordo plenario do 25/06/2019 acordouse a aprobación da dedicación parcial da Concellería delegada de Réxime Interior, Persoal, Patrimonio, Voluntariado, Xuventude, Mobilidade e Sanidade, con unha retribución bruta

PLENO

anual de 17.600,00 euros, en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias con unha dedicación mínima ao cargo de 25 horas semanais en cómputo anual.

LOGO DE VER que mediante acordo plenario do 10/05/2021 acordouse a aprobación da dedicación parcial da Concellería delegada de Cultura, Comercio e Industria e Actividades Lúdicas, cunha retribución bruta anual de 22.641,96 euros, en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias con unha dedicación mínima ao cargo de 27,5 horas semanais en cómputo anual.

LOGO DE VER que mediante resolución de Alcaldía nº 104/2022 do 1/02 procedeuse por razóns de organización a modificar sendas concellerías delegadas quedando do seguinte xeito:

Concellería delegada de Réxime Interior, Persoal, Patrimonio, Voluntariado, Cultura, Mobilidade e Sanidade e Concellería delegada de Xuventude, Comercio e Industria e Actividades Lúdicas.

Considerando que este cambio produce igualmente unha variación da carga de traballo e responsabilidades que debe ser obxecto da oportuna retribución

Logo de ver o informe favorable emitido polo Secretario e o Interventor con data de 31/01/2021.

Propoño que o Pleno da Corporación adopte o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: A aprobación das seguintes dedicacións parciais a desempeñar polos seguintes cargos:

1º.-Concellería delegada de Réxime Interior, Persoal, Patrimonio, Voluntariado, Cultura, Mobilidade e Sanidade cunha retribución bruta anual de 24.185,73 euros, en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias con unha dedicación mínima ao cargo de 27,5 horas semanais en cómputo anual.

PLENO

2º.- Concellería delegada de Xuventude, Comercio e Industria e Actividades Lúdicas cunha retribución bruta anual de 18.113,57euros, en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias con unha dedicación mínima ao cargo de 25 horas semanais en cómputo anual.

SEGUNDO: Revogar as dedicacións parciais anteriormente asignadas á Concellería delegada de Réxime Interior, Persoal, Patrimonio, Voluntariado, Xuventude, Mobilidade e Sanidade e á Concellería delegada de Cultura, Comercio e Industria e Actividades Lúdicas

TERCEIRO: A devindicación e pago das contías establecidas farase do mesmo xeito que as retribucións do persoal do concello e poderán serán aumentadas anualmente coa aprobación dos orzamentos anuais da corporación no porcentaxe máximo previsto da lei de orzamentos xerais do estado para os gastos de persoal do sector público
Ábrese unha quenda de intervencións.

Toma a palabra o presidente, don Antonio Leira Piñeiro (PSOE) para xustificar que esta proposta ven dada por un reaxuste no equipo de goberno para optimización.

Intervén don José Manuel Mirás Pulleiro(OR), e afirma que ao fío do que manifestou na Comisión Informativa vai a votar en contra.Non é necesario que a Xunta de Goberno teña esa composición.Non considera que o Concello teña que aforrar na aportación do POS e gastar na política.A política non ten porque pagarse con diñeiro de todos

Intervén don Alex Doval Expósito (PP) e manifesta que unha vez comunicado o erro de cálculo de case 1000 euros nas retribucións e comprobando que non se producen incrementos máis alá da subida do IPC, que como xa dixo é unha cuestión de organización e que sobre a distribución organizativa non vai a entrar.

Toma a palabra o Sr.Alcalde para aclarar ao Sr. Tala (OR) que aínda que non o vai a escoitar, as persoas que veñen teñen que traballar e que supoña 100.000 euros ou o que sexa, si veñen aquí hai que pagarllo e se non é así non se dignificaría a política.Deixese de facer demagogia barata.Modificouse a composición da Xunta de Goberno por outros temas, se lle parece moito o que ganan eso é o seu problema.Todo o

PLENO

mundo cobra o que está por debaixo do estipulado. Se lle parece moito 100.000 euros é que ten un problema.

Interven o Sr. José Manuel Mirás Pulleiro (OR) afirmando que os recursos teñen que ir para ao servizo da cidadanía.

Toma a palabra o Sr. Alcalde e afirma que o POS vai destinado ahí que o poderá comprobar cando vexa o orzamento. Se este concello fai 1000 obras o reparto permitanos facelo a nos, decidir o que vai ao POS, ao Remanente ou a recursos propios. Quere deixar ver que o que gañan aquí os políticos é roubado, vaia á Xunta e que non lle pagen con diñeiro público por facer o seu traballo.

Non existindo mais intervencións o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de acordo e o Pleno por:

Votos a favor: sete (6 do PSdeG-PSOE, 1 do BNG,)

Votos en contra : dous (2 de OR)

Abstencións: catro (4 do PP) adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO: A aprobación das seguintes dedicacións parciais a desempeñar polos seguintes cargos:

1º.-Concellería delegada de Réxime Interior, Persoal, Patrimonio, Voluntariado, Cultura, Mobilidade e Sanidade cunha retribución bruta anual de 24.185,73 euros, en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias con unha dedicación mínima ao cargo de 27,5 horas semanais en cómputo anual.

2º.- Concellería delegada de Xuventude, Comercio e Industria e Actividades Lúdicas cunha retribución bruta anual de 18.113,57euros, en 12 pagas mensuais e 2 extraordinarias con unha dedicación mínima ao cargo de 25 horas semanais en cómputo anual.

SEGUNDO: Revogar as dedicacións parciais anteriormente asignadas á Concellería delegada de Réxime Interior, Persoal, Patrimonio, Voluntariado, Xuventude, Mobilidade e Sanidade e á Concellería delegada de Cultura, Comercio e Industria e Actividades Lúdicas

TERCEIRO: A devindicación e pago das contías establecidas farase do mesmo xeito que as retribucións do persoal do concello e poderán serán aumentadas anualmente coa aprobación dos orzamentos anuais da corporación no porcentaxe máximo previsto da lei de orzamentos xerais do estado para os gastos de persoal do sector público.

PLENO

5º.-Dación de conta da resolución de Alcaldía nº 104/2022 do 01/02 pola que se procede á modificación da delegación de competencias de Alcaldía.

6º.- Dación de conta da resolución de Alcaldía nº 103/2022 do 01/02 pola que se procede á modificación da composición da Xunta de Goberno Local.

7º.- Dación de conta da resolución de Alcaldía nº 90/2022 do 31/01 pola que se procede ao nomeamento de nova tenente de Alcalde.

E sen ter máis asuntos que tratar, o presidente finaliza a sesión ás 09:52 horas, da que se estende esta acta e eu, como secretaria en funcións, dou fe co visto e praxe do Sr. Alcalde, asinando ambos dixitalmente.

O Alcalde - Presidente,

A secretaria en funcións

Luíx Rey Villaverde

Ana María Liñares Castro